



## **Presentación do VII Encontro Galego de Programas Universitarios para persoas maiores “Pola democratización do coñecemento”**

A Universidade Sénior acolle o día 11 de maio no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas da Coruña, unha nova edición do Encontro Galego de Programas Universitarios para persoas maiores.

O seu obxectivo é favorecer e por en valor a democratización do coñecemento; potenciando e difundindo o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos. Para acadalo, é preciso poñer en marcha accións específicas, desenvolvidas a través dos programas universitarios, que contribúan ao desenvolvemento formativo, cultural e social; que permitan avanzar cara un envellecemento activo, mellorando a calidade de vida e favorecendo o crecemento persoal e social entre os maiores.

Queremos animarvos a presentar as vosas experiencias e facer desta xornada un punto de encontro e de diálogo, para todas aquelas persoas comprometidas coa mellora das competencias asociadas á formación permanente e a aprendizaxe ao longo de toda a vida, como compromiso dos nosos programas para maiores.

**Matilde García Sánchez**

**Directora Universidade Sénior-Universidade da Coruña**

## DESTINATARIOS

Está destinada a persoal docente e investigador e mailo alumnado dos diferentes programas universitarios para persoas maiores que se desenvolven no ámbito da nosa comunidade autónoma.

Polo que, para presentar os Pósters, é requisito imprescindible ter este perfil.

## ORGANIZACIÓN

### Comité organizador

O comité organizador do **VII Encontro Galego de Programas Universitarios para Persoas Maiores** está composto por Persoal Docente Investigador da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo.

- Dna. **Matilde García Sánchez**. Directora do PUM da Universidade Sénior-Universidade da Coruña.
- D. **Alberto Sucasas Peón**. Subdirector do PUM da Universidade Sénior-Universidade da Coruña.
- Dna. **Esther Oliveira Oliveira**. Directora do PUM, IV Ciclo Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
- Dna. **Teresa Rodríguez López**. Coordinadora do Campus de Lugo do PUM, IV Ciclo Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.
- D. **Miguel Nombela Castaño**. Director do PUM, Aulas de Formación Aberta da Universidade de Vigo.
- Dña. **Marisa Castro Cerceda**. Coordinadora do Campus de Vigo do PUM, Aulas de Formación Aberta da Universidade de Vigo.
- D. **José M<sup>a</sup> Pazos Couto**. Coordinador do Campus de Pontevedra do PUM, Aulas de Formación Aberta da Universidade de Vigo.
- D. **Alberto Vaquero**. Coordinador do Campus de Ourense do PUM, Aulas de Formación Aberta da Universidade de Vigo.

**Colaboran:** Asociación de Alumnos e Ex-alumnos da Universidade Sénior da Coruña (ADAYEUS).

## Comité científico

O comité científico do **VII Encontro Galego de Programas Universitarios para Persoas Maiores** estará formado por profesores doutores da Universidade da Coruña.

- **Dña. Matilde García Sánchez.** Área de Ciencias da Saúde
- **Dña. Esther Olveira Olveira.** Área de Ciencias da Educación
- **D. Alberto Sucasas Peón.** Área de Ciencias Sociais e Humanidades
- **Dña. Pilar García de la Torre.** Área de Ciencias Sociais/ Ciencias da Saúde
- **D. Rodolfo Barreiro Lozano.** Área de Ciencias

Dito comité será o responsable de avaliar os Abstracts recibidos dacordo aos seguintes criterios:

- Orixinalidade e carácter innovador da proposta.
- Pertinencia dos obxectivos perseguidos coa actividade.
- Relevancia dos resultados previstos ou logrados có proxecto.

O Comité Científico reservarase o dereito de solicitar información adicional sobre o contido dos resúmenes se así o considera necesario.

A resolución do Comité Científico será comunicada por correo electrónico á persoa de contacto indicada no formulario de envío.

## INSCRIPCIÓN E CERTIFICACIÓN

### Prazo de inscrición aberto ata o 20 de Abril

A inscrición realizarase utilizando o seguinte formulario electrónico: se realizará utilizando el siguiente **formulario electrónico**:

<https://universidadesenior.wordpress.com/2018/02/28/encontro-galego-de-pums-formulario-de-inscripcion/>

**O prezo da inscrición é de 25 euros** e proporcionarase tanto a poñentes como a asistentes unha certificación acreditativa da súa participación.

A inscrición no encontro **inclúe a documentación, pausa-café, xantar de confraternización e a visita guiada ao Aquarium Finisterrae.**

**Os traslados dos asistentes son por conta da súa Universidade de orixe.**

Nota: As actividades do Encontro serán fotografadas e/ou gravadas en vídeo para a súa difusión posterior, polo que a inscrición nas mesmas leva implícito que tanto asistentes como poñentes outorgan necesariamente o seu consentimento para a difusión do evento por medios gráficos.

## COMUNICACIÓN PÓSTERS

Os traballos presentados deberán axustarse á modalidade Póster

### Idiomas de presentación de traballos

Tanto resúmenes como Pósters poderán ser entregados en calquera dos seguintes idiomas:

- Galego
- Castelán
- Inglés

### Presentación de resúmenes

Para presentar un traballo en modalidade Póster, é necesario enviar previamente un resumen ou abstract dun máximo de 350 palabras que inclúa os seguintes aspectos:

- Título da proposta
- Autor/autores (nome e contacto)
- Resumen

O resumen incluirá información contextual da proposta (participantes, destinatarios, centro/titulación/materia/curso...), planificación, desenvolvemento e impacto nos resultados de aprendizaxe.

Os resúmenes entregaranse vía correo electrónico ao seguinte enderzo:

[senior.udc@gmail.com](mailto:senior.udc@gmail.com) especificando no asunto: **resumenposter VIIENCONTROPUMS-nome do autor ou autora.**

**Modelo para a elaboración da proposta de comunicación e póster.**

VII Encontro Galego de Programas Universitarios para Persoas Maiores “Pola Democratización do Coñecemento”

Título da proposta

Autoría (nome/s e contacto)

Palabras clave

Resumen (máximo 350 palabras)

### Prazos de presentación de resúmenes

Ata o 17 de abril de 2018

## Normas para a presentación de pósters definitivos

### 1. Formato

- Os pósters impresos axustaranse ao formato DIN A1 (594mm x 841mm) con orientación vertical.
- As persoas autoras remitirán ao enderezo electrónico: [senior.udc@gmail.com](mailto:senior.udc@gmail.com) unha versión dixital en PDF do póster definitivo **antes do día 4 de maio**.

### 2. Contido

- Levarán un encabezado con título, lema e lugar e data de celebración do encontro na tipografía (Arial ou Helvética). A continuación, o título do póster na mesma tipografía (con maior tamaño e negrita) que deberá ser o mesmo ao presentado no resumen correspondente.
- No pé de páxina irán os nomes das persoas autoras e un enderezo electrónico de contacto, así como os logos do Programa Universitario correspondente.
- Aconséllase expor o contido de xeito claro e sinxelo, utilizando o mínimo texto posible (nas tipografías establecidas) e facendo uso de recursos gráficos (imaxes, ilustracións, gráficos, taboas, etc.). No caso de incluír referencias bibliográficas, estas axustaranse ás Normas APA.
- Para maior comodidade dos participantes proporcionamos un modelo de póster en ppt.

#### Modelo póster en ppt

VII Encontro Galego de Programas Universitarios para  
Personas Miores  
"Pola Democratización do Coñecemento"

**Título do póster**

Autores e polo menos  
un mail de contacto

Logos PROGRAMAS

Logos universidades

### 3. Colocación e presentación

- Os autores e autoras do póster serán os responsables da súa impresión, traslado e colocación durante a mañá do día 11 de maio nos paneis habilitados ao efecto no hall da ETS de Náutica e Máquinas para a súa exhibición no Encontro. Haberá persoal de apoio para axudar na colocación.
- Cada póster será exhibido durante toda a xornada e os autores deberán estar presentes na franxa horaria que será comunicada polo Comité Organizador, para explicar o seu traballo ás persoas interesadas.

## PROGRAMA

**Venres, 11 de maio de 2018**

### Sesión da mañá

**10:00** Recepción de participantes e entrega de documentación

**10:30- 11:00** Inauguración oficial do Encontro a cargo de:

- Dna. **Nancy Vázquez Veiga**. Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente da Universidade da Coruña
- D. **Roberto Javier López López**. Vicerreitor de Oferta Académica e Innovación Educativa da Universidade de Santiago de Compostela
- D. **Manuel Fernández Iglesias**. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais da Universidade de Vigo
- Dna. **Fabiola García Martínez**. Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- Dna. **Goretti Sanmartín Rei**. Vicepresidenta da Deputación da Coruña

**11:00 – 12:00** Conferencia inaugural sobre “*Modernismo*” a cargo do Prof. Dr. José Ramón Soraluze Blond, Catedrático de Arquitectura e primeiro Director da Universidade Sénior da Universidade da Coruña.

**12:00 - 12:30** Sesión de pósters.

Pausa - café para as persoas participantes

**12:30 – 13:30** Concerto Didáctico de Música Tradicional Galega, en colaboración co Centro Coreográfico Galego.

**14:30 – 15:45** Xantar para as persoas participantes no Aquarium Finsiterra (Incluído na inscrición)

## Sesión de tarde

**16:00 - 17:30** Visita guiada ao Aquarium Finisterrae

**17:30 - 18:00** Descanso

**18:00 - 18:30** Clausura do Encontro a cargo de:

- Dna. **Matilde García Sánchez**. Directora do PUM da Universidade Sénior da Universidade da Coruña
- Dna. **Esther Olveira Olveira**. Directora do PUM, IV Ciclo Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
- D. **Miguel Nombela Castaño**. Director do PUM, Aulas de Formación Aberta da Universidade de Vigo.